



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO

Expte: 121204-210

Informe xuridico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 21.04.2021 [REDACTED] presenta solicitude de acceso a información interesando

- Reserva de dominio público para a parada de vehículos ou carga e descarga de mercancía a altura da saída do supermercado Froiz no nº 87 da rúa Zamora de Vigo que se concedesen ao garaxe e almacén sitos no no 158 de la Avenida Gran Vía de Vigo,
- Reserva de dominio público para parada de vehículos o carga e descarga de mercancía a altura da saída do supermercado Froiz no nº 87 da Rúa Zamora de Vigo
- Copia e informes de licenza concedida para a reserva de dominio público para parada e aparcamento exclusivo e colocación da correspondente sinal vertical de parada e estacionamento a altura da parcela catastral con referencia catastral 4643461NG2744S0001AD e non existía no mes de marzo de 2019.
- Informe da rúa Barxa do Covelo, no seu trazado que une a Avenida de Madrid coa Rúa Gandarón concedido calquera tipo de licencia, autorización ou permiso para o aproveitamento especial del dominio público municipal.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público](#) (LRXSP)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local](#) (LBRL)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#) (LPAC)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno](#) (LTAIBG)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais](#) (LOPDGDD)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE](#) (RGPD)
- [Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno](#) (LTBG)

Copia do documento - Concello de Vigo 121204-210	Data impresión: 27/10/2023 09:02	Páxina 1 de 4
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso a la información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da información solicitada consta informe do enxeñeiro técnico de Seguridade de data 18.11.2021 *"Segundo Ordenanza Municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mecadorías na vía pública, atópanse sinalizadas zonas reservadas coa a sinal S-17 e placa complementaria con horario 9:30-13:00 e 15.00-18:00 e liña amarela descontinua segundo as necesidades das actividades desenroladas nos distintos barrios e rúas.*

- Na rúa Zamora 87 existe unha reserva de carga e descarga, segundo consta na base de datos do Concello de Vigo dada de alta o 03/012/2009*
- Na Gran Vía 158 existe reserva de carga e descarga, segundo consta na base de datos do Concello de Vigo dada de alta o 02/06/2021 e non consta entrada de carruaxes.*
- Fronte a parcela con referencia catastral 4643461NG2744S0001AD existe unha reserva de carga e descarga na rúa Barxa do Covelo para dar servizo a decarga dos vehículos nos concesionarios*

ENTRADAS DE CARRUAXES

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2023 09:02	Páxina 2 de 4
121204-210		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo documentación que consta na Área de Seguridade do Concello de Vigo, remítese información solicitada.

- Na Gran Vía 158 non consta entrada de carruaxes.*
- En Barxa do Covelo se ha concedido algunha entrada de vehículos últimamente, segundo consulta en xestión de expedientes tres entradas:
Expte 113640/210, entrada vivienda unifamiliar
Expte 117418/210, entrada vivienda unifamiliar
Expte 111941/210, local comercial”*

Respecto da aplicación dos límites previstos nos artigos 14 e 15 da LTAIBG o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno e a Agencia Española de Protección de Datos, en aplicación do disposto na disposición adicional quinta de la LTAIBG, adoptaron con data 24 de xuño de 2015 un criterio interpretativo de aplicación de aqueles (CI/002/2015) no que referido ao presente caso determina

"El proceso de aplicación de estas normas (artículos 14 y 15 de la LTAIBG) comprende las siguientes etapas o fases sucesivas:

I. Valorar si la información solicitada o sometida a publicidad activa contiene o no datos de carácter personal, entendiéndose por estos los definidos en el artículo 3 de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal (en adelante LOPD)

Finalmente, una vez realizados los pasos anteriores, valorar si resultan de aplicación los límites previstos en el artículo 14.

(...)".

E conclúese

"a) Los artículos 14 y 15 de la LTAIBG regulan los límites del derecho de acceso a la información que no operan de forma automática, sino que habrán de ser aplicados de acuerdo con las reglas de aplicación y los elementos de ponderación que establecen la citada Ley y la LOPD.

b) El orden de ponderación opera desde el artículo 15 al 14 con los elementos que modulan la toma de decisiones.

(...)".

Respecto á protección de datos persoais, cabe sinalar que á vista da solicitude non se pode deducir se os titulares das autorizacións cuxos expedientes se solicitan sexan persoas físicas; neste senso, a protección de datos persoais como límite al acceso á información pública opera cando tales datos sexan protexibles por ser os seus titulares persoas físicas e non cando afectan a persoas xurídicas.

Así mesmo, respecto a información pública solicitada debe terse en conta o disposto no artigo 15.4 da LTAIBG "No será aplicable lo establecido en los apartados anteriores si el acceso se efectúa previa disociación de los datos de carácter personal de modo que se impida la identificación de las personas afectadas".

Por tanto, aun cuando existan en los expedientes cuya copia se ha pedido datos de

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2023 09:02	Páxina 3 de 4
121204-210		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

personas físicas que deban ser objeto de protección, la información solicitada puede ser proporcionada de forma disociada en el sentido señalado en el precepto.

E por isto que aínda que existan nos expedientes obxecto da solicitude datos de persoas físicas que deban ser obxecto de protección, cabe sinalar que respecto aos mesmos a interesada solicitou soamente datos obxectivos.

Polo exposto conclúese que se pode conceder copia das licenzas e inspección técnica que consten nos expedientes administrativos pedidos, disociando de ser necesario os datos persoais de persoas físicas que consten nos documentos que integran aqueles.

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por D^a [REDACTED] de acceso a información e facilitarlle o informe emitido polo Servizo de Seguridade de data 18.11.2021.

SEGUNDO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa ante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. En caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2023 09:02	Páxina 4 de 4
121204-210		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		